

ÓVULOS	ESPERMATOZOIDES
<b>DIFERENZAS MORFOLÓXICAS</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Grandes (almacenan nutrientes para alimentar ao embrión durante a semana aproximada que pasa desde a fecundación, nas trompas de Falopio, ata a súa implantación no útero)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pequenos</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Redondeados</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Alongados e moi especializados                             <ul style="list-style-type: none"> <li>o Cabeza: núcleo (contén o ADN) e acrosoma (vesícula que contén os enzimas necesarios para perforar a envoltura do óvulo)</li> <li>o Colo: con abundantes mitocondrias que aportan a enerxía necesaria para o desprazamento</li> <li>o Cola: flaxelo</li> </ul> </li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sen mecanismo de movemento propio (avanzan grazas ás contraccións da parede das trompas e aos cilios que as recobren)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Con mecanismo de desprazamento propio (flaxelo)</li> </ul>
<b>DIFERENZAS NO PROCESO DE FORMACIÓN (OVOXÉNESE / ESPERMATOXÉNESE)</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ocorre nos folículos ováricos dos ovarios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ocorre nos túbulos seminíferos dos testículos</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iníciase na puberdade (sobre os 11 anos) e remata coa menopausia ou climaterio (entre os 45 e 55 anos)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iníciase na puberdade (sobre os 13 anos) e continúa toda a vida (aínda que a cantidade e calidade dos espermatozoides vai diminuindo)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proceso cíclico (madura un óvulo cada 28 días, aproximadamente)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proceso continuo (estanse fabricando espermatozoides continuamente)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fórmanse dun en un</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fórmanse millóns diarios</li> </ul>

**Risco de anomalías cromosómicas en embarazos de mulleres cunha idade superior aos 40 anos, por que?**